

# 1 As Cores e os Fondos con CSS

CSS permite controlar a `cor` e os fondos cunhas posibilidades que están a anos luz dos efectos posibles empregando tan só extensións HTML.

## 1.1 Sumario

- 1 Cor de primeiro plano
- 2 Cor de fondo
- 3 Imaxes de fondo
  - ◆ 3.1 Repetir a imaxe de fondo
  - ◆ 3.2 Posición do fondo
  - ◆ 3.3 Fixar a imaxe de fondo
- 4 A propiedade `background`
- 5 Opacidades

## 1.2 Cor de primeiro plano

- A propiedade `color` emprégase para configurar a cor do texto (é dicir "a cor do primeiro plano") dun elemento.
- A cor do borde coincide coa cor do primeiro plano a non ser que se especifique.

```
p {color: #0000FF; }
p {color: #00F; }
p {color: rgb(0,0,255); }
p {color: rgb(0%, 0%, 255%); }
```

- CSS tamén recoñece 16 nomes de cor válidos: *aqua, black, blue, fuchsia, gray, green, lime, maroon, navy, olive, purple, red, silver, teal, white e yellow*.
- A propiedade `color` hérdase.
- Se engadimos cor ao primeiro plano dunha imaxe, seguirase vendo a imaxe pero aplicarase para o borde dela.
- A propiedade `border-color` ignora a propiedade `color`.
- Para configurar a cor de todo un documento aplique a propiedade `color` ao elemento `body`.
- Non funciona ben en todos os navegadores aplicar `color` a elementos de formulario.

## 1.3 Cor de fondo

- Con CSS non só se pode proporcionar unha cor de fondo para toda a páxina, senón que tamén para calquera elemento do documento, tanto a nivel de bloque como de liña.
- Recoméndase empregar caixas de cor para substituír as táboas.
- A cor de fondo declárase có atributo `background-color`.
- As propiedades de fondo non son herdadas pero como o valor predeterminado é `transparent`, a cor de fondo do elemento pai aparecerá ao traveso dos seus elementos fillos.

```
p {padding: 5px; background-color: #ccc; }
```

## 1.4 Imaxes de fondo

- Emprégase a propiedade `background-image`.
- Pódese configurar o punto de partida da imaxe, os patróns de repetición, posicionar a imaxe dentro dun elemento calquera e evitar que a imaxe se deslice fora da páxina.
- Se configuramos `background-color` e `background-image` "gana" `background-image`.

```
body {background-image: url(fondo.gif); }
p#cabeceira {background-image: url(fondo-corpo.gif); }
```

### 1.4.1 Repetir a imaxe de fondo

- Coa propiedade `background-repeat` evítase que a imaxe de fondo se repita ou para facer que só se repita nunha dirección.
- Para facer que a imaxe só apareza unha vez:

```
div#corpo {background-image: url(fondo.gif); background-repeat: no-repeat; }
```

- Para facer que a imaxe só se repita en sentido horizontal ou en sentido vertical:

```
div.horiz {background-image: url(imaxe.gif); background-repeat: repeat-x; }
div.vert {background-image: url(imaxe.gif); background-repeat: repeat-y; }
```

## 1.4.2 Posición do fondo

- Coa propiedade **background-position** especificase a posición da primeira imaxe no fondo do elemento.
- Para o posicionamento podemos empregar as seguintes palabras clave: *left*, *right*, *top*, *bottom* e *center*.
  - ◆ Estas palabras úsanse, normalmente, de dúas en dúas. A orde non é importante.
  - ◆ Se só se indica unha, suponse que a outra é *center*.

```
body {background-image: url(imaxe.gif);
background-position: top center;
background-repeat: no-repeat; }
```

- Tamén se poden empregar medidas de lonxitude. Distancias dende o extremo superior esquerda:

```
body {background-image: url(imaxe.gif);
background-position: 150px 150px;
background-repeat: no-repeat; }
```

- Outro xeito é con valores porcentuais.
  - ◆ Estes valores indícanse en parellas horizontal/vertical.
  - ◆ Se só se indica un valor asúmese que o outro é 50%.
  - ◆ Cada valor porcentual aplícase ao contedor da imaxe e á imaxe en si. Por exemplo, a seguinte imaxe ten colocado o seu centro no centro do elemento body:

```
body {background-image: url(imaxe.gif);
background-position: 50% 50%;
background-repeat: no-repeat; }
```

## 1.4.3 Fixar a imaxe de fondo

- Coa propiedade *background-attachment* pódese fixar a imaxe nunha posición.
- Pode ter tres valores: *scroll*, *fixed* e *inherit*.
- O valor por defecto é *scroll*.
- Con *fixed* permanecerá sempre na mesma posición visual.

## 1.5 A propiedade **background**

Con esta propiedade combínanse todas as propiedades de fondo nunha regra de estilo única.

- Non ten valores requiridos e os valores poden aparecer en calquera orde.
- A única restrición é que se a posición se indica con dous valores deben aparecer estes xuntos e có valor horizontal en primeiro lugar, seguido inmediatamente polo vertical.
- Se só se da un valor o outro suponse que ten o valor "center".
- Uns exemplos válidos:

```
body {background: url(imaxe.gif) fixed top center no-repeat; }
div.cabeceira {background: repeat-x url(imaxe.gif) red; }
p {background: #ccc; }
#contido span.im-data {background: url("imaxes/im-data.gif") 0 50% no-repeat; }
```

## 1.6 Opacidades

- Pódese configurar a opacidade dun elemento para que esta non sexa nin completa de todo nin transparente de todo.
- Para configuralo temos:
  - ◆ *opacity*: con valores decimais entre 0 (invisible) e 1 (opaco). Tódolos navegadores compatibles con CSS3.
  - ◆ *moz-opacity*: tamén con valores decimais entre 0 e 1. Para Firefox.
  - ◆ *filter*: é unha propiedade de IE (5.5+) e trae varios efectos (degradacións, desenfocado, sombras, etc). Para lograr a transparencia emprégase o filtro *alpha*, con valores entre 0 e 100.

```
<html>
<head>
<style type="text/css">
body {background: #00f; color: black}
#body {background: white;
width: 400px; height: 400px;
filter: alpha(opacity=50);
-moz-opacity: 0.5;
opacity: 0.5; }
</style>
</head>
<body>
<div id="body"> <h1>Ola!</h1> </div>
</body>
```

- [Enlace interesante sobre opacidades.](#)

--Manuel Vieites e -- Rafael Veiga feb 2008